Na semana do 2 de decembro viviuse unha situación de caos e de colapso no servizo de urxencias de Montecelo, unha situación que se repite periodicamente sen que se tomen medidas para atallala ou cando menos atenuala. Tal como denunciaron publicamente familiares de pacientes ingresados en urxencias, nestes días as agardas nos corredores superan as 30 horas, coas conseguíntes incomodidades das persoas enfermas e as dificultades para que o persoal médico poida desenvolver o seu traballo non garantías. Segundo o persoal que traballa en urxencias, o martes 3 de decembro sufriuse unha situación límite, xa que se esgotaron as camillas na quenda da mañá e houbo que ocupar as camas da sala de endoscopias. Diante desta caótica situación, o persoal das Urxencias presentou queixas diante da dirección e fixo denuncia pública polo volume de traballo e as condicións de presión no que teñen que realizalo.

Esta grave situación produciuse mentres hai 40 camas pechadas no Hospital Provincial desde o verán. Mais o SERGAS non as abre porque non quere contratar máis persoal, polo que condena a pacientes de moita idade e con





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

patoloxías graves a unha situación de auténtico maltrato ao permanecer amoreadas durante máis de 30 horas nos corredores. Por outra parte, o acontecido pon en evidencia a falta de previsión e planificación da Xerencia do CHOP, xa que había unha previsión de chegada do pico da gripe xustamente nestas datas, polo que tiñan que terse tomado medidas con antelación suficiente.

Consideramos unha burla e unha absoluta falta de respecto que a Xerencia do CHOP diga que non hai “incidencias reseñables” cando hai persoas que están sufrindo unha situación penosa amoreadas durante máis de 30 horas nos corredores de Urxencias de Montecelo.

Para o BNG, a situación de caos e colapso nas urxencias de Montecelo é unha manifestación máis dos recortes e do deterioro do sistema sanitario público, como se pon de manifesto nos últimos meses nas denuncias públicas do persoal de atención primaria, dos PAC e das urxencias hospitalaria. Existe un clamor en toda Galiza, con folgas e manifestacións en defensa da sanidade pública fronte aos recortes do PP.

Para o BNG, o deterioro constante da atención primaria e dos PAC, con recortes de persoal e non cobertura de baixas e vacacións, está a agravar a situación de colapso nas urxencias hospitalarias. Debido ao retraso nas citas en medicina de familia e pediatría, que chegan ata os dez días, moitas persoas acaban acudindo a Urxencias, co conseguinte colapso.

Diante desta grave situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Considera o goberno galego normal a situación de caos e colapso que se sufriu en Montecelo na semana do 2 de decembro?
2. Comparte a Xunta de Galiza a valoración da xerencia do CHOP de que non houbo incidencias reseñables cando había persoas amoreadas nos corredores e o persoal ten que traballar en condicións de extrema presión?
3. Por que o SERGAS non actúa con previsión diante dunha situación previsible como a que se produciu nestas datas?
4. Por que non se abren as camas pechadas para atallar unha situación como a descrita?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2019 17:40:00

María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2019 17:40:06

Noa Presas Bergantiños na data 04/12/2019 17:40:13

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2019 17:40:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/12/2019 17:40:31

Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2019 17:40:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7ª**.

A *Tecia solanivora Povolony* ou couza da pataca segue atacando e expandíndose por toda a xeografía de Galicia. O medo do ano 2015 de que afectara ás colleitas da Limia e Bergantiños, as dúas comarcas produtoras de pataca do país volve agora cando se acaba de coñecer no nordeste da comarca de Bergantiños, en 3 parroquias do concello de Carballo: Noicela e de Laracha (Lendo e Caión). Estes dous concellos son parte da IXP pataca de Galicia.

A couza que se atopou nos almacéns de autoconsumo de pataca xa se destruíu, e estas tres parroquias terán todas as medidas establecidas no resto de concellos afectados pola praga: prohibición de plantar pataca durante 2 anos, mover ou arrincar a pataca e a destrución da mesma en contornos herméticos con medidas que garanten a destrución.

A couza detectouse por primeira vez no país no ano 2015, e por medio de resolución de 8 de marzo de 2017 da DX de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, establecéronse as zonas infestadas, as zonas tampóns e as medidas para a erradicación e control da *Tecia Solanivora Povolony* ou couza guatemalteca da pataca establecidas no Real decreto 197/2017, que establece o programa estatal de control e erradicación da *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora Povolny*.

A Consellería de Medio Rural dixo que establecería as medidas necesarias para evitar a propagación da couza guatemalteca a outras zonas produtoras reforzando a rede sistemática de puntos de trampeo.

A couza guatemalteca da pataca afecta as seguintes comarcas: Bergantiños, Mariña Lucense e Terra Cha en Lugo, Ferrolterra, Eume e Ortegá na Coruña, Muxía, na Costa da Morte; por concellos: A Capela, Ares, As Pontes, Cabanas, Cariño, Fene, Ferrol, Mañón, Mugar dos, Muxía, Narón, Neda, Ortigueira, San Sadurniño e Valdoviño na provincia da Coruña, e Abadín, Alfoz, A Pontenova, A Pastoriza, Barreiros, Burela,



Cervo, Foz, Lourenzá, Mondoñedo, Ourense, O Valadouro, O Vicedo, Ribadeo, Riotorto, Trabada, Viveiro e Xove en Lugo.

Desde este grupo parlamentario parécennos insuficientes as medidas, que se deberían completar con máis medidas de control e axudas para as persoas e pequenos produtores que se viron afectadas pola expansión da praga.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Que medidas extra vai tomar a Xunta de Galicia para que a couza da pataca non afecte ás zona IXP Pataca de Bergantiños?
2. Que medidas concretas tomará a Xunta para a contención da couza na comarca produtora de Bergantiños? E nos concellos afectados?
3. Vai a Xunta incrementar as axudas para a contención da couza nas 3 parroquias afectadas da IXP pataca de Galicia da zona de Bergantiños? Que medidas de supervisión, control, prohibición do movemento das patacas afectadas, destrución dos tubérculos e ademais das contidas no Decreto 197/2017 se van aplicar por parte da Xunta?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Francisco Casal Vidal

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 04/12/2019 18:08:48

Paula Vázquez Verao na data 04/12/2019 18:09:02

Luis Villares Naveira na data 04/12/2019 18:09:13

Francisco Casal Vidal na data 04/12/2019 18:09:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

O SET (o Suplemento Europeo ao título), é un documento actualmente imprescindible na vida de calquera estudante de Ensinanzas Artísticas Superiores, dado que abre as portas a que a formación que recibiron en España sexa validada do mesmo xeito que en calquera outro país de Europa.

Desta forma, calquera estudante que tivese acceso a este documento tería máis facilidades á hora de realizar unha beca ERASMUS, realizar as inscricións para calquera Máster ou programa de Bacharelato europeo e, por suposto, para conseguir traballo.

Actualmente, os estudantes están parcheando esta situación recorrendo aos gabinetes de tradución xurada, nos que gastan cifras impensables para conseguir que os documentos que acreditan os seus estudos sexan traducidos de forma oficial e válida en toda a Unión Europea.

O problema principal deste documento é que malia a atoparse dentro da lei, directamente non se está cumprindo, e aínda non foi expedido ningún SET de Ensinanzas Artísticas Superiores dentro de España. Por outra banda, na Universidade, os seus compañeiros teñen dereito a que o seu título sexa expedido sen ningún custo, xunto ao título oficial de graduado, cando rematan a súa titulación.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Segundo dita o artigo 8 do R.D. 197/2015: *Unha vez superados os estudos conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas e os títulos de máster en ensinanzas artísticas, a Administración educativa expedirá o Suplemento Europeo ao Título, de acordo co modelo establecido no Anexo IV deste real decreto. [...] O Suplemento Europeo ao Título se expedirá na lingua cooficial, no seu caso, e ademais en lingua inglesa. A expedición do devandito documento terá carácter gratuíto.*

No R.D. 197/2015 modifícase o anterior R.D. 1614/2009 e R.D. 1850/2009, engadindo o Artigo 8 no cal fálase da expedición do Suplemento Europeo ao Título realizada por parte das Administracións educativas.

Este cambio xurdiu tras unha premisa que o Consello Superior de Ensinos Artísticos suxeriu alá no ano 2010, e así, logo de 5 anos, o Ministerio de Educación Cultura e Deporte decidiu emitir este R.D. 197/2015 no que non só se ofrecía a posibilidade se non que se establecía a obriga de expedir este título.

A diferenza das titulacións universitarias de grao, nas cales as encargadas de expedir os títulos son as universidades, nas Ensinanzas Artísticas Superiores esta tarefa é competencia autonómica. Isto vén derivado da autoxestión da universidades das que nós carecemos, todos os nosos centros están baixo a batuta das Administracións educativas, é dicir, as institucións das Comunidades Autónomas.

Ao principio, pensamos que parte da non expedición desta parte tan importante do título viría por un erro de coordinación, ou simplemente, que non se decidiu



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

incluir na lei autonómica, creando así unha lagoa legal na que todas as Administracións estarían inmersas para non ser vistos cando se mencionase a palabra SET.

Con todo, tras investigar nos boletíns oficiais autonómicos, en practicamente todos aparece un número ou orde onde se reflicte este dato, nalgúns ata de forma anterior ao R.D. 197/2015:

BOJA nº 216 de 05/11/2012 (Andalucía)

ORDE ECD/1779/2016 (Aragón)

BOIB Decreto 4/2017 (Illas Baleares)

BOC 2017/036 (Canarias)

DOCM 2012/2230 Decreto 280/2011 (Castela-A Mancha)

BOCYL 2006/2017 ORDE EDU/466/2017 (Castela e León)

CVE-DOGC-B-14161145-2014 DECRETO 85/2014 (Catalunya)

DOG Núm. 235 DECRETO 171/2016 (Galicia)

BOLETÍN Nº 91 - 15 de maio de 2013 (Navarra)

DOCV N. 7805/2016 ORDE 23/2016 (Comunidade Valenciana)

A gravidade real deste problema é o evidente incumprimento da lei. Ademais, trala emisión do R.D. 197/2015, o Ministerio de Educación Cultura e Deporte redactou dúas guías diferenciadas para os títulos de Grao e Máster nas que se reflectían detalladamente as instrucións que deben seguir as Administracións Educativas para a expedición dos títulos, incluíndo ademais, de forma específica, o caso das Ensinanzas Artísticas Superiores.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Nestas dúas guías facilitaba ás administracións e universidades dúas formas de expedición e solicitude do título, de forma electrónica (creando o chamado e-SET) e en papel.

O único que debían facer era darse de alta nunha das plataformas indicadas nas guías e ofrecer ao alumnado a posibilidade de solicitude. Curiosamente, dentro destas dúas guías, existen exemplos de documento nos que se inclúe de forma específica o título das Ensinanzas Artísticas Superiores, que aínda así, xa existía desde o primeiro R.D. 1850/2009 mencionado anteriormente, no que ata hai exemplos escritos.

Para os estudantes dos ensinos artísticos superiores é de vital importancia a expedición do devandito documento para favorecer e facilitar o dereito das persoas a circular e residir libremente dentro da Unión Europea.

O Ministerio de Educación Cultura e Deporte, xunto coas administracións educativas autonómicas deben traballar conxuntamente en base ás competencias de cada unha para solucionar este problema.

A única acción a realizar para solucionar este problema é o verdadeiro cumprimento da lei xa escrita e informar debidamente ao alumnado. Algo obvio pero que cando existe un descoñecemento da mesma ata por parte da Administración, é doado que a situación pase totalmente desapercibida.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Van reflectir detalladamente as instrucións que debe seguir a Administración Educativa galega para a expedición dos títulos, incluíndo ademais, de forma específica, o caso das Ensinanzas Artísticas Superiores?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- 2.^a) Pensean facilitar ás administracións e universidades dúas formas de expedición e solicitude do título, de forma electrónica (creando o chamado e-SET) e en papel?
- 3.^a) Daranse de alta nunha plataforma e ofrecerán ao alumnado a posibilidade de solicitude?
- 4.^a) Expedirán obrigatoriamente o Suplemento Europeo ao Título?
- 5.^a) Expedirán o SET en Galego e, no seu caso, en Inglés?
- 6.^a) Expedirán o SET con carácter gratuíto?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2019 18:47:32

Luca Chao Pérez na data 04/12/2019 18:47:42



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Óscar Vilar Chento, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa dos telexornais, cuxa punta do iceberg son as informacións a respecto da política sanitaria do goberno de Feijoo, que por regra xeral teñen carácter partidista e non representan a pluralidade política e social do noso país.

O anuncio por parte do Goberno de Feijoo de pechar o paritorio de Verín motivou numerosas protestas da veciñanza, e dos profesionais da sanidade pública. O pasado sábado 30 de novembro celebrouse unha manifestación histórica en defensa da sanidade pública ourensá, e en concreto desta comarca.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera a CRTVG que á actualidade informativa das políticas sanitarias de Galicia se cubre con obxectividade, e mantendo o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer nun medio de comunicación público?
2. Cre que os medios de comunicación públicos cubriron con obxectividade e pluralismo a nova do peche do paritorio de Verín?
3. Como valora a cobertura informativa da manifestación celebrada o pasado



30 de novembro en Verín?

4. Cre que na cobertura deste tema, os e as profesionais e a veciñanza que se mobilizou tiveron a mesma presenza na CRTVG que a versión oficial da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 05 de decembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Óscar Vilar Chento
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2019 10:36:50

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/12/2019 10:37:02

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2019 10:37:12

Oscar Vilar Chento na data 05/12/2019 10:37:25



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Carmen Santos Queiruga e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.^a**

O uso da linguaxe inclusiva, non sexista, é unha necesidade cara a erradicación da violencia simbólica que se exerce contra as mulleres cando non se nomean, ou cando se usa unha linguaxe excluínente.

A linguaxe sexista e a aparición de estereotipos á hora de falar de mulleres e de temas relacionados con estas, moitas veces de forma involuntaria, pola falta de coñecementos e o arraigamento de prexuízos, debe ser vista como violencia simbólica contra as mulleres. Só un esforzo colectivo de todos e todas pode mudar a situación actual.

Debemos dar máis pasos no referente á linguaxe nos textos oficiais e nos textos lexislativos. As institucións deben comunicarse coa cidadanía facéndolle ver que todas forman parte, non só todos. Toda comunicación pública debe incorporar o feminino e o neutro, e non o masculino usado como tal, porque non o é.

Desde logo incorporar melloras na comunicación inclusiva debe ter unha incidencia moi especial nos medios de comunicación e na relación da administración con eles, polo que é especialmente importante regular isto e facer seguimento real nos medios de comunicación, especialmente na CRTVG.



Comunicarse de forma inclusiva abrangue ademais usar iconografía axeitada, medir a presenza equilibrada en toda comunicación pública como institución.

A vontade demóstrase con feitos, corrixir os textos legais, producir comunicación pública inclusiva, falar de xeito inclusivo etc, pero sobre todo facer seguimento e marcar obxectivos reais.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.- Que prazos se marca o Goberno para facer a modificación dos textos oficiais? Está planificada esta medida?
- 2.- Que medidas vai adoptar para avaliar e facer un seguimento da utilización de linguaxe non sexista?
- 3.- Pensan implantar regulamentos con seguimento do seu cumprimento en materia de linguaxe inclusiva?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 13:11:09
Nº Rexistro: 59816
Data envío: 05/12/2019 13:11:09.061

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/12/2019 13:02:55

Carmen Santos Queiruga na data 05/12/2019 13:03:08

Marcos Cal Ogando na data 05/12/2019 13:03:24

CSV: BOPGDSPGDKMKA88qb2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia contempla no seu artigo 30 a obriga de depósito das fianzas no Instituto Galego da Vivenda e Solo para as persoas arrendadoras ou subarrendadoras de fincas urbanas, xa se trate de arrendamentos de vivenda ou de arrendamentos para uso distinto do de vivenda.

O rexistro destas fianzas son as que se empregan para elaborar as táboas estatísticas que desde fai meses se poden observar na web do Observatorio Galego de Vivenda. Unhas táboas que amosan o aumento do prezo medio de aluguer nun 15 % en cinco anos, así como se está a producir un aumento do número de alugueres a partir dos 400 € e un descenso daqueles por debaixo desa cifra.

A Lei 8/2012 de vivenda de Galicia contempla sancións de carácter leve, entre 300 e 3 000 € para todos aqueles casos nos que non se deposite as fianzas oportunas con cada contrato de arrendamento.

En todo caso a lei contempla moitas outras sancións, leves, graves e moi graves, con sancións de ata 600.000€ que afectan a diversos incumprimentos das obrigas que figuran na mesma.

En todo caso para coñecer o verdadeiro éxito dunha lei é importante dar a maior transparencia á evolución e comportamento de cada un dos puntos reflectidos nela. E non existe información nesta lei unha análise anual de todas as estatísticas que a deberan acompañar. Nunha materia de tanta sensibilidade como é a vivenda, e a dificultade ó acceso á mesma que se ten recrudecido nos últimos anos, creemos que non só é oportuno, senón imprescindible contar con todos os datos que permitan un mellor estudo e reformulación de medidas de impulso e control.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Dentro do labor inspector que por competencias corresponde ó Instituto Galego de Vivenda e Solo cal foi o tipo de sancións que se impuxeron desde a entrada en vigor da lei?
2. Cales son as canles principais polas que se teñen detectado as diferentes infraccións que contempla a lei?
3. Cal foi o total de cartos recadados e desagregados por anos en materia de sancións desde a entrada en vigor da lei? Cal foi o destino principal deses cartos recadados?
4. Como cualifican o tipo de colaboración das diferentes administracións na detección das diferentes infraccións?
5. Cree o Goberno que é posible mellorar a colaboración interinstitucional neste sentido, así como algún tipo de canle de colaboración cidadá para detectar posibles situacións infractoras?

Pazo do Parlamento, 05 de decembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2019 14:20:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2019 14:20:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2019 14:20:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.ª**.

A situación dos COF da Coruña é preocupante. O COF Ventorrillo atópase sen profesional de xinecoloxía desde que se xubilou o anterior en xaneiro do 2013 e tamén sen auxiliar de clínica desde a mesma data. Isto tradúcese en que cando unha muller á que lle corresponde ir ao outro centro necesita unha consulta xinecolóxica para instauración de método anticonceptivo, por complicacións ou efectos secundarios do método, para realizar un aborto farmacolóxico ou para unha revisión despois dunha interrupción voluntaria do embarazo, do COF do Ventorrillo derívana ao de Orillamar.

Por outra banda no COF de Orillamar desde que se xubilou o xinecólogo, e director do centro, en marzo deste ano, non se cubriu a praza. Designouse a cinco xinecólogas diferentes para ir días soltos. En realidade foron 18 días os meses de abril, maio e xuño. Desde xullo só mandan a unha desas cinco profesionais cando a xinecóloga do centro non está por vacacións ou días de asuntos propios. Isto tradúcese en que non se poden cumprir os obxectivos do centro en canto a anticoncepción:

- Instauración rápida do método. Algunhas mulleres teñen que esperar ata tres meses para que a xinecóloga lle poida instaurar o método que elixiu. Antes a muller non tiña tempo de espera .



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

-Atención rápida das complicacións do método. Neste caso o tempo de espera é de mes e medio aproximadamente. Antes o tempo de espera, como moito, era dunha semana.

Estes tempos van ir en aumento mentres non se cubra a praza. Lembrar que a xinecóloga ten que atender ás mulleres de case 40 concellos.

O ano que vén xubírase a xinecóloga e directora do COF e se non designan a unha xinecóloga que exerza a dirección do centro, como fixeron no Ventorrillo, non se sabe que pasará, xa que a xinecóloga/directora realiza as seguintes funcións ademais da atencións ás usuarias:

- A actualización en materia de Planeamento Familiar
- Garantir o seguimento dos protocolos internacionais en materia de anticoncepción por parte de todas as profesionais dos dous centros.
- O asesoramento d@s profesionais de todos os centros de atención primaria en canto ao planeamento familiar.

En relación as matronas, polo momento, dende o día 2 de novembro hai dúas interinas.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas:

- Teñen previsto seguir desmantelando os COF como veñen facendo na Coruña?
- Teñen previsto cubrir algunha das 2 prazas de xinecoloxía nos COF do Ventorrillo e Orillamar?
- Que teñen previsto facer cando se xubile, o ano que ven, a única xinecóloga titular dos COF da Coruña?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

-Pensan estabilizar os postos das matronal do COF de Orillamar?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/12/2019 16:51:37



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Encarnación Liñeiro Pouso, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

En decembro de 2008 inaugurábase unha obra moi demandada polos profesionais do sector pesqueiro de Burela e a propia confraría de pescadores como foi a nave de redes no porto de Burela. Nave de redes que garantiu un lugar seguro e con mellores condicións para as traballadoras, ademais de servir, entre outros usos, como sede permanente da Feira monográfica náutico-pesqueira Expomar.

Desde hai uns anos o sector pesqueiro e a confraría de pescadores están a demandar obras de mellora nesta nave de redes de Burela, xa que entre outros problemas a instalación presenta humidades, ten goteiras cando chove, baños que en moitas ocasións están inutilizables ...

Nos orzamentos de Portos de Galicia para 2019 consignábase unha partida orzamentaria de 200.000 € para estas obras de acondicionamento e o propio delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo anunciaba a principios de marzo deste ano que xa estaba rematado o proxecto técnico para a remodelación da nave de redes de Burela, que nese momento se atopaba en supervisión, e que a obra se licitaría ao longo deste ano. Pero o que ocorre, é que en decembro de 2019 esta obra segue sen estar licitada e de novo aparecen no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 unha partida de 237.826 € para acondicionamento da nave de reparación de redes no peirao norte do Porto de Burela.

Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Que prazos manexa a Xunta de Galicia para realizar a obra de acondicionamento e reparación da nave de redes no peirao norte do Porto de Burela?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 05/12/2019 17:31:31

Encarnación Liñeiro Pouso na data 05/12/2019 17:31:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a situación da empresa Muebles Hermida, no Concello de Lourenzá, e das súas traballadoras e traballadores e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A empresa de fabricación de mobles, Muebles Hermida, situada no Concello de Lourenzá está a piques de entrar en concurso de acredores. Alén das débedas con provedores e mesmo co IGAPE, adebeda catro meses de salarios ao cadro de persoal.

Esta situación, segundo denuncian as organizacións sindicais, débese á “mala xestión” da dirección e a “erros na produción”, porén, a empresa conta con carga de traballo.

Recentemente, e en sesión extraordinaria, o pleno municipal de Lourenzá aprobou por unanimidade unha iniciativa que demanda a mediación das administracións públicas, nomeadamente da Xunta de Galiza, na procura dunha solución.

Cómpre lembrar que Muebles Hermida conta con 97 traballadoras e traballadores o que sitúa a empresa como un dos principais centros de traballo da zona.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Coñece a Xunta de Galiza a situación na que se atopa a empresa Muebles Hermida?
- Como a valora o Goberno galego?
- Ten previsto a Xunta de Galiza desenvolver algunha actuación ao respecto para garantir o mantemento da actividade e os postos de traballo?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2019 17:38:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2019 17:38:36

María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2019 17:38:42

Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2019 17:38:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/12/2019 17:39:04

Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2019 17:39:13



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Óscar Vilar Chento, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A política europea de desenvolvemento rural contribúe a que as zonas rurais da UE poidan facer fronte a multitude de retos económicos, medioambientais e sociais.

Para iso, a UE deseñou unhas axudas financiadas ata o 75 % con fondos Feader, que están sendo fundamentais para as explotacións de montaña, e onde contribúen a compensar aquelas limitacións naturais que diminúen a competitividade das explotacións localizadas nestas zonas.

As anteriores axudas xunto cos pagos das chamadas medidas “Agroambiente e Clima” son fundamentais para remunerar servizos medioambientais da actividade agraria e que benefician ao conxunto da sociedade, beneficios ao ambiente que están fóra do mercado ao non se compensar no prezo dos produtos agrarios.

A día de hoxe, ao PDR 2014-2020 de Galicia quédalle un ano ordinario dos sete de execución do período de programación, téndose investido apenas un 50 % dos fondos europeos do Feader. De feito, no período de transición estiveron as axudas Agroambientais sen convocarse durante varios anos por falta de previsión da Xunta, mentres se devolveron fondos Feader a Bruxelas por falta de execución.

Por iso, é preciso reprogramar a súa aplicación, e deseñar a execución dos fondos no chamado período n+3, ata o ano 2023. Esta reprogramación supón unha oportunidade de reforzar aquelas medidas máis necesarias, que máis protexen a renda das explotacións máis vulnerables, así como asegurar a súa continuidade durante o período n+3.

Non obstante, a Xunta vén de suprimir na súa reprogramación 22,8 millóns de euros asignados á medida *13 Pagos a Zonas con Limitacións Naturais*, e que estaban asignados para ser cobrados polas explotacións de montaña e zonas con limitacións naturais, antes de fin de decembro de 2020, e só garante a continuidade dos pagos de Agroambiente e Clima durante o próximo ano electoral. O que suporá perda de renda neta para estas explotacións nos próximos anos, de non se cambiar a decisión.



Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Ten acordado a Xunta de Galicia a reprogramación do PDR co sector?
- 2ª) Vai a Xunta de Galicia garantir a continuidade dos pagos das medidas “Agroambiente e Clima” a partir do ano 2021?
- 3ª) Vai a Xunta respectar os importes programados para a Medida 13, no período 2014-2020, respectando o nivel de percepción de rendas das explotacións máis vulnerables do rural galego, nomeadamente as de zonas de montaña?

Pazo do Parlamento, 27 de novembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/11/2019 19:00:21

Oscar Vilar Chento na data 28/11/2019 19:00:37



Exposición de motivos

Julio Torrado Quintela, Carmen Rodríguez Dacosta e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A política de dotación de servizos sanitarios no entorno rural de Galicia ven sendo foco de erráticas decisións por parte da Xunta de Galicia. Mentres se aposta en palabras por fortalecer o rural e apúntase á necesidade de anclar poboación, recórtanse servizos e persoal en canto é posible argumentar en funcións de ratios a suposta non necesidade ou ineficiencia.

Esta situación ven de ocorrer, por exemplo, no caso do peche do paritorio en Verín, fundamentado segundo a Xunta de Galicia na perda de poboación e descenso de nacementos en Verín. Esta política de pescadilla levará, inevitablemente, a maior perda de poboación pola retirada de servizos de contornos que necesitan fortalecer os servizos públicos para poder atraer a maior volume de poboación.

Este argumento, estendido a todo o rural galego e ás comarcas non plenamente urbanas, levaría directamente a unha perda continuada de servizos. Esta está sendo a liña estratéxica da Consellería de Sanidade, que vai consolidando a perda de servizos nos hospitais comarcais, continuado coa perda de condición de áreas sanitarias para aquelas comarcas que a manteñan cun hospital comarcal como centro de referencia, e que continúa agora con exemplos como o de Verín citado.

A preocupación, a maiores da comarca referida, esténdese a outras que ven como esta vontade recortadora pode chegar ás súas zonas. As explicacións ofrecidas polos cargos directivos da Consellería de Sanidade ven alimentando as especulacións sobre perda de servizos fora das cidades. En particular, perder a posibilidade de parir no hospital comarcal máis próximo é un temor que afrontan moitas familias e, en particular, as nais que prefiren ser atendidas no seu hospital de referencia neste proceso.

Polo exposto, o deputado e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.^a) Prevé a Xunta de Galicia estender a decisión de recortar o servizo de paritorio noutros hospitais comarcais de zonas que perdan poboación ao igual que ocorreu en Verín?

2.^a) É reversible a decisión de suprimir o peche do paritorio de Verín cos datos de nacementos actuais para fortalecer os servizos que permitan anclar poboación nesa comarca?

Pazo do Parlamento, 29 de novembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Carmen Rodríguez Dacosta
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/11/2019 10:39:08

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/11/2019 10:39:19

Noela Blanco Rodríguez na data 29/11/2019 10:39:31





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

1.O concello de Pontearreas, un dos de maior concentración de habitantes do sur da provincia de Pontevedra, ten graves deficiencias na rede de saneamento e depuración de augas residuais. Aproximadamente un terzo da poboación, unhas 8000 persoas, non teñen conexión coa rede de saneamento.

Dotar as parroquias do concello dun servizo básico como este ten que ser resultado dun plan de investimentos do que participen diferentes administracións, nomeadamente Augas de Galicia

2. No concello de Pontearreas, a parroquia de Ribadetea, cuns 900 veciños e veciñas, carece de conexión á rede de saneamento. Trátase dunha parroquia na que existe un espazo protexido Rede Natura, captación de auga para o abastecemento á vila, e risco de contaminación de acuíferos. Tendo en conta estes factores, o concello considerou prioritaria a ampliación da depuradora e o saneamento integral de Ribadetea, demanda que foi aprobada por unanimidade no pleno de setembro de 2018.

No mes de novembro de 2018 tivo lugar unha reunión en Compostela entre Augas de Galicia, o concello de Pontearreas e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil na que a directora de Augas de Galicia adquiriu os seguintes compromisos:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Participar na cofinanciación da ampliación da EDAR da Moscadeira achegando 900.000. A mesma cantidade sería achegada polo concello, asumindo a Confederación Hidrográfica o 605 restante do orzamento total que ascende a 4,5 millóns de euros.

-Redactar o proxecto de saneamento integral de Ribadetea.

Tendo en conta o anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que previsións ten o goberno galego para redacción do proxecto de saneamento integral de Ribadetea, para a execución da obra e para a súa cofinanciación entre Augas de Galicia e Concello?
2. Cal é o custo estimado das obras de saneamento desta parroquia?
3. Teñen previsto destinar unha partida dos orzamentos de 2020 para iniciar a execución desta obra?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2019 10:56:41

María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2019 10:56:50

Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2019 10:56:56

Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2019 10:57:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/11/2019 10:57:11

Ana Pontón Mondelo na data 29/11/2019 10:57:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Antón Sánchez García, deputada e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O acceso á vivenda está considerada como un dereito esencial e básico para as persoas, tanto por normas internacionais como a propia Declaración Universal dos Dereitos Humanos como por normas estatais como a Constitución que recolle o acceso á vivenda no seu artigo 47 e delimita no artigo 33 o dereito de propiedade á función social.

Con todo, son reiteradas as situacións de incumprimento destas normas, posto que no noso país a vivenda sempre foi considerada como unha fonte de especulación e negocio, ocasionando burbullas das que se beneficiaron e se benefician principalmente entidades financeiras ou fondos voitre, coa complicidade dunhas Administracións Públicas que non fan uso das súas competencias para a protección deste dereito básico.

O que está a suceder no edificio de A Patiña, no municipio de Cambre, é un exemplo máis destas prácticas especulativas e desta deixadez de función por parte das Administracións que deixan vendidas ás familias fronte a fondos voitre que con subas abusivas de aluguer as forzan a ter que abandonar a súa vivenda. Este caso ademais, conta coa particularidade de ser unha promoción privada de Vivendas de Protección Oficial, da que existe unha controversia xurídica en canto a si se atopan ou non baixo a situación de VPO, xa que existe documentación asinada pola Xunta de Galicia na que se recolle a aplicación de 30 anos de protección.



Fai xa un ano que as veciñas e veciños da Patiña iniciaron unha mobilización para defender o seu dereito á vivenda, fronte as ameazas de suba de aluguer abusivas ou omisión do deber de conservación da vivenda, prácticas sucias que seguen un mesmo patrón de actuación por parte dos fondos voitre e que se está a repetir ao longo de todo o país.

A Xunta de Galicia asegurou en sede Parlamentaria ter mediado nesta situación, conseguindo que aceptasen prorrogar os contratos que ían vencendo, nas mesmas condicións que tiñan na actualidade, pero a realidade é teimuda e un ano despois, seguen chegando cartas por parte da empresa que xestiona a propiedade, con subas de aluguer de ata un 50% do prezo, unha situación que provoca que as familias non poidan asumir a suba e teñan que abandonar a súa vivenda.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
PREGUNTA:

- Ten coñecemento o Goberno da Xunta de Galicia do que está a acontecer ás veciñas e veciños deste edificio?
- Cales son as medidas que ten realizado a Xunta de Galicia a día de hoxe para evitar esta situación?
- Cales son as medidas que pensa realizar a Xunta de Galicia para protexer o dereito a vivenda das veciñas e veciños da Patiña?
- Por que a Xunta de Galicia se pon de lado dos fondos voitre e nega a protección de 30 anos pese a existir documentación que así a avala, asinada polo IGVS?
- Como é posible que si a Xunta de Galicia estaba interesada dende o principio neste problema, siga dándose esta situación?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Cale é a política da Xunta de Galicia en relación á protección do dereito á vivenda?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Antón Sánchez García

Deputada e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/11/2019 12:50:44

Antón Sánchez García na data 29/11/2019 12:50:57



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A grave situación da Atención Primaria en Galicia como consecuencia de todos os recortes levados a cabo polo Goberno do Partido Popular, está a provocar unha situación de colapso que obriga á Xunta de Galicia a escoitar as demandas das e dos profesionais.

O 14 de maio, levouse a cabo a constitución do Consello Técnico de Atención Primaria no que Consellería e profesionais están a debater sobre as necesidades máis inmediatas que precisa a Atención Primaria e que tal e como xa se ten manifestado en reiteradas ocasións, pasa por reverter os recortes da última década. Nesa reunión, María José Montero Furelos, subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico do Servizo Galego de Saúde, comunicou as accións inmediatas que en teoría se pensan levar a cabo en cumprimento dos acordos das mesas sectoriais de abril e maio.

Entre eses accións, figura a curto prazo a necesidade de incrementar no propio 2019, ata 45 as prazas de medicina, enfermería e fisioterapia na Atención Primaria, mediante un suplemento orzamentario nos Centros de Saúde onde máis se requiran esas accións inmediatas.

Con todo, en nada se concreta o importe do suplemento, cales son eses centros de saúde ou con que prazos se contan para facer efectivas esas accións, sobretudo tendo en conta que datas como as estivais, agravan a situación dos Centros de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Saúde que xa de por si son delicadas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda pregunta:

- 1.^a) As 45 prazas anunciadas para o 2019 van a crearse mediante a convocatoria dunha Oferta Pública de Emprego?
- 2.^a) Cal é o reparto de prazas segundo as diferentes categorías nas que se incrementan?
- 3.^a) Cales considera o Goberno que son os Centros de Saúde que precisan desa acción inmediata?
- 4.^a) Que criterios emprega o Goberno para facer esa preferencia entre centros?
- 5.^a) A partir de cando se vai iniciar esta medida?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 29/11/2019 13:48:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a Oferta Pública de Emprego en Educación anunciada pola Xunta de Galiza.

O Goberno galego anunciou a convocatoria dunha Oferta Pública de Emprego (OPE) en Educación para 2020 con 3.654 prazas. “A maior OPE en Educación da historia”, sinalaron.

Do total de prazas, 1.300 serán de concurso de cátedras e 318 de promoción interna. As 2.036 prazas restantes serán de ingreso, trátase de prazas ocupadas por persoal interino polo que non suporá a creación de novos postos de traballo.

Como acostuma a facer a Xunta de Galiza, o anuncio chegou antes aos medios de comunicación que á Mesa Sectorial polo que non foi negociada coas organizacións sindicais do ensino.

Entre as especialidades que se convocan (88 en total), trinta levan dez anos sen convocarse, como explicou a Xunta de Galiza. Neste senso, sorprende que non se convoque ningunha praza de Lingua Portuguesa.

Cómpre lembrar que en 2019 convocáronse por vez primeira prazas de portugués, porén apenas foron catro. Desde o Bloque Nacionalista Galego valoramos naquela altura positivamente a convocatoria e instamos a Xunta de Galiza a darlle continuidade á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

implantación desta lingua no ensino galego para cumprir e desenvolver co disposto na Lei Paz Andrade.

Así as cousas, que este idioma non se inclúa na convocatoria de 2020 evidencia a falta de compromiso do Goberno galego que mantén unhas cifras de estudo do portugués ínfimas se temos en conta que transcorreron cinco anos da aprobación da devandita lei.

No curso 2018/2019 estudaban portugués en Secundaria 2.800 estudantes.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non negociou, previamente, a Xunta de Galiza na Mesa Sectorial as prazas que se ofertarían na OPE de 2020?
- Por que non se inclúen prazas de Portugués?
- Cre o Goberno galego que está a cumprir coa Lei Paz Andrade?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2019 18:02:11

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2019 18:02:18

María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 18:02:24

Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 18:02:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2019 18:02:39

Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 18:02:47



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Paula Vázquez Verao, Luís Villares Naveira e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, sobre a corta masiva de árbores autóctonas sas as beiras das estradas do país.

Fai algo máis dun mes o Ministerio de Fomento do Goberno de España esta tallando polo pé centos de árbores que están na estrada N-525 entre o punto quilométrico 206 ao 208, este treito da N-525 coincide coa Vía da Prata-Camiño Mozarabe do Camiño de Santiago. Treito entre Santana e Piñeira de Arcos (Concello de Sandiás).

Lévanse contabilizadas as seguintes árbores no treito indicado do Camiño de Santiago: 78 carballos *Quercus robur* de unha altura media de 15 a 20 metros e con diámetros medios de 15 ata 40 centímetros. 125 bidueiros *Betula sp* dunha altura media de 15 a 18 metros de altura, con diámetros medios de 15 a 37 centímetros. 24 salgueiros *Salix atrocineria* dunha altura media de 14 metros, diámetros medios de 18 a 40 centímetros. 3 sabugueiros *Sambucus nigra* de 8 metros de altura, diámetros medios 30 a 47 centímetros. 1 freixo *Fraxinus angustifolia* decapitado a carón do Río Piñeira no centro do núcleo urbano de Piñeira de Arcos. 2 piñeiros *Pinus pinaster* de 30 a 40 centímetros de diámetro e 20 metros de altura.

Estas 230 árbores autóctonas talladas polo pé tiñan unha media de 40 a 45 anos de idade. Compuñan un conxunto arbóreo de alto valor medioambiental, paisaxístico, etnográfico, cultural, estaban integradas na contorna protexían das inclemencias aos peregrinos (sol no verán, cortaventos e elementos atmosféricos



nas inverniás). Non supuña ningún risco para a seguridade viaria, ningún risco para os usuarios tanto peregrinos, camiñantes como veciños e veciñas.

Das árbores talladas polo pé aproximadamente 1/4 parte estaban nos noiros da estrada (só nestas árbores podía estar xustificada a intervención con criterios da arboricultura moderna o seu axeitado mantemento).

Lembrar cos Camiños de Santiago teñen normativa propia de protección, Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Artigo 78. Usos e actividades prohibidas nos Camiños de Santiago

1. Os tramos non urbanos da traza dos Camiños de Santiago non poderán ser utilizados para o tráfico rodado de vehículos de motor, calquera que sexa a súa natureza, agás nos casos en que resulte o único modo de acceso a parcelas e vivendas ou que se trate de vehículos necesarios para o seu mantemento e conservación e dos de extinción de incendios.

2. No ámbito de tres metros a ambos os dous lados da traza a partir da súa liña exterior prohibense os seguintes usos e actividades:

a) A corta xeneralizada de arboredo frondoso autóctono. Poderá autorizarse a corta illada de frondosas autóctonas coa obriga, de ser o caso, de compensar a corta coa replantación inmediata de exemplares similares.

Pero este non é un caso illado. Nos últimos meses, tamén por parte da propia Xunta de Galicia se está a proceder nas vías da súa titularidade a un auténtico arboricidio.



Na Parroquia de Herbogo, no Concello de Rois, carballos de máis de 100 anos de idade e en perfecto estado de conservación foron chapodados polo pé sen ningún tipo de análise previo sobre se debía de estar onde sempre estivo ou non. A Baña, Maceda, Sobrado dos Monxes, Trives, A Rúa, Mondoñedo... son centos de concellos os que están a ser arrasados con esta política de chapodar árbores autóctonas centenarias e en perfecto estado de conservación o carón das vías de circulación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1. Que opinión lle merece a Xunta de Galicia este auténtico arboricidio que están a sufrir as árbores autóctonas do noso país?
2. Ten pensado a Xunta de Galicia restituír estas árbores?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia pedirlla ao Ministerio de Fomento que cumpra a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e compense a corta coa replantación inmediata de exemplares similares.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:





David Rodríguez Estévez na data 02/12/2019 18:31:14

Paula Vázquez Verao na data 02/12/2019 18:31:23

Luis Villares Naveira na data 02/12/2019 18:31:33

Francisco Casal Vidal na data 02/12/2019 18:31:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Desde o ano 2010, 13 empresas do Morrazo (de Moaña, Cangas e Vilaboa) e 582 familias víronse afectadas por impagos da industria naval, con débedas que superan os 5,6 millóns de euros, pola falta de pagamento de facturas e pagarés por traballos realizados para estaleiros da ría de Vigo e doutros.

Esta situación provocou a entrada en concurso, o peche das empresas, o embargo de propiedades e a imposibilidade de poder retomar a actividade empresarial polas débedas acumuladas con diferentes administracións e polos bancos. A realidade que viven estas empresas, as persoas propietarias e as súas familias é dramática: moitas delas perderon as súas casas e outros bens, teñen elevadas débedas pendentes de pagamento e padecen cadros de estrés, ansiedade e outras doenzas como infartos. Nalgúns casos as persoas responsábeis destas empresas morreron e as súas débedas tiveron que ser asumidas pola súa familia.

Estas empresas asociáronse na “Plataforma de afectados polos impagos do naval” e reclaman o apoio da administración para buscar unha solución a este grave problema. Cómpre ter en conta que algunhas destas empresas, que seguiron mantendo a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actividade, teñen sobre si de novo a lousa de impagos como consecuencia do peche de Vulcano e a crise de Barreras.

Malia que o solicitaron xa en 2017 e repetiron a solicitude en varias ocasións, aínda non foron recibidos polo presidente da Xunta. A desesperación deste colectivo diante da falta de atención e de resposta por parte da Xunta de Galiza levouno a chamar a atención dos grupos parlamentares para procurar unha solución á súa grave situación económica e vital.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Vai recibir o goberno galego á Plataforma de afectados polos impagos do naval?

Que xestións realizou o goberno galego para axudar a resolver a dramática situación pola que están atravesando estas empresas?

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para resolver a dramática situación das empresas auxiliares afectadas polos impagos das empresas do naval da ría de Vigo?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2019 18:33:41

María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 18:33:50

Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 18:33:56

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2019 18:34:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2019 18:34:11

Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 18:34:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cultivo do pemento no sul de Pontevedra sofre serios contratempas debido á virose chamada "tristeza do pemento" transmitida por un trips.

A Tuta, polilla que ataca e fai estragos no tomate, ten moi preocupados ós horticultores de Carballo, Arteixo, Coirós...

A polinización do tomate baixo cuberta efectúase en certas comarcas por medio de abellóns cultivados.

Que a hortifruticultura convencional existe é obvio, outro cantar é afirmar que se contempla a súa existencia desde a Xunta de Galicia e que isto se traduce en axudas, asesoramento e investigación. Porque o trips foi combatido en Andalucía con fortes inversións en instalacións e en investigación e a Administración, dalí, puxo en movemento axudas a tal efecto.

Para combater a Tuta utilízanse variedades inxertadas resistentes que van ben noutras latitudes pero que aquí so van indo. Serían necesarias liñas de investigación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feitas aquí e para aquí. As instalacións e os técnicos ímolos tendo, a vontade política é dubidosa.

As importacións de abellóns e a procedencia doutras realidades climáticas e o uso de insectos non autóctonos en invernadoiros non climatizados reduce ostensiblemente a súa eficacia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento o goberno galego da existencia das enfermidades reseñadas?
- Tomou ou pensa tomar algunha medida ou liñas de axuda para favorecer o sector da horta e tenta-la súa dinamización e fortalecemento?
- Cales son as posibilidades de poñer medios públicos para a investigación ó servizo deste sector e das súas necesidades?
- Cal é a razón pola que desde o goberno galego non se toma en serio esta actividade que podería crear postos de traballo, actividade económica e fixar poboación no rural?

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/12/2019 19:39:05

Xosé Luis Bará Torres na data 02/12/2019 19:39:14

María Montserrat Prado Cores na data 02/12/2019 19:39:19

Noa Presas Bergantiños na data 02/12/2019 19:39:26

Olalla Rodil Fernández na data 02/12/2019 19:39:32

Ana Pontón Mondelo na data 02/12/2019 19:39:39



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez, Carmen Rodríguez Dacosta e Luis Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

As investigacións levadas a cabo nos últimos anos polo grupo de investigación Romanarmy, que reúne a arqueólogos profesionais das universidades de Santiago, Oviedo, Braga, Edimburgo e o CSIC entre outros, están aumentando de forma notable o noso coñecemento sobre a conquista do noroeste peninsular por Roma.

No seno das súas investigacións o grupo atopou os restos de numerosos campamentos romanos temporais no territorio da antiga Gallaecia, ofrecendo unha nova visión sobre a presenza das lexións romanas e a súa penetración no noso territorio.

Entre estes campamentos destaca o atopado en Penedo dos Lobos na montaña de Manzaneda que pode ser un dos recintos militares de campaña mellor conservados do noroeste peninsular e dos máis antigos coñecidos. Ten unha extensión de 2,5 Ha e unha capacidade de 1.000 lexionarios. Considérase un campamento de marcha, é dicir, un recinto militar construído durante o avance da columna militar, non estable e ocupado durante moi pouco tempo.

O que converte a Penedo dos Lobos nun espazo arqueolóxico privilexiado é o feito de que conserva as portas orixinais de acceso ao recinto. O outro elemento excepcional é que se trata dun dos poucos campamentos romanos de marcha vinculados á conquista do norte de Hispania que está construído en pedra. Os soldados botaron man do abundante material granítico da zona para construír as defensas. Isto, xunto co illamento da zona e o seu uso unicamente gandeiro, permitiu que o campamento se atope nun estado de conservación único, e que todo o sistema defensivo sexa facilmente apreciable mesmo para público non experto.

Os achados de material militar neste campamento entre os que se atopan chalotas das sandalias romanas e moedas acuñadas por Publio Carisio, legado del primeiro emperador Octavio Augusto, acuñadas entre o 25 e o 22 a.C. durante as guerras Cántabro-Ástures, sitúan a orixe da fortificación neste



conflito que permitiu ao Imperio Romano completar a conquista da Península Ibérica.

Por todo isto o xacemento arqueolóxico de Penedo dos Lobos é dunha extraordinaria importancia pero como todos eles é dunha grande fragilidade porque poden ser alterados facilmente por circunstancias externas. Neste senso xa fai tempo alertouse de que o campamento de Penedo dos Lobos podía ser afectado por un plan de repoboamento forestal que podería danalo de forma irreversible polo que é necesario que a Xunta manteña un forte control para preservalo.

Pero tamén é necesario, dada a súa importancia continuar ca investigación arqueolóxica.

Tanto pola localización como por o seu extraordinario estado de conservación - as estruturas defensivas son aínda visibles-, o sitio pode converterse nun verdadeiro referente turístico e pedagóxico para a zona ademais da súa importancia científica e patrimonial.

Por iso, e para evitar espolios no xacemento, cremos absolutamente necesario realizar novas campañas arqueolóxicas que preserven e poñan en valor o xacemento e aumenten o noso coñecemento, tanto sobre este campamento como sobre a historia da penetración militar romana no noso territorio e as formas de colonización, máxime cando o custo que pode representar é pequeno.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Está incluído o xacemento arqueolóxico de Penedo dos Lobos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia?
- 2.^a) Considera a Consellería de Cultura e Turismo que é necesario continuar as campañas arqueolóxicas neste xacemento?
- 3.^a) Vai apoiar a realización de novas investigacións arqueolóxicas no campamento de Penedo de Lobos?
- 4.^a) Considera que este xacemento está debidamente protexido?



5.^a) Coñece a dirección xeral de Patrimonio calquera proxecto de repoboamento forestal na zona deste xacemento?

Pazo do Parlamento, 03 de decembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Carmen Rodríguez Dacosta
Luis Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/12/2019 17:14:12

Noela Blanco Rodríguez na data 03/12/2019 17:14:28

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/12/2019 17:14:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/12/2019 17:14:52



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 7 de novembro, coñeciamos o informe do programa “Elixé Galicia”, co obxectivo de favorecer a actividade turística durante todo o ano e, por tanto, a creación e mantemento do emprego no sector turístico, así como propiciar mediante este programa repercusións económicas favorables e que xeren fluxos turísticos no ámbito da comunidade autónoma.

O programa “Elixé Galicia”, destinado a mozos/as, familias e maiores da comunidade autónoma de Galicia.

Este programa contará con catro modalidades de viaxes:

- Vacacións en zonas costeiras
- Rutas de patrimonio histórico e cultural
- Rutas de natureza e montaña
- Estancias en balnearios

O período de prestación do servizo, que se iniciará en marzo de 2020 e finalizará en decembro de 2021, tendo en conta a paralización do servizo entre o 21 de xuño e o 10 de setembro de cada ano e en períodos de Semana Santa, pontes ou festivos.

O 15 de novembro publicábase o expediente deste programa na páxina *web* de contratos de Galicia para o cal, o prazo de presentación de ofertas remata o 28 de novembro, polo que o expediente declara a tramitación urxente, é dicir, un prazo de presentación de ofertas de 15 días.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:



1ª. Cal é o motivo polo que o Programa “Elixé Galicia” non aparece reflectido nos orzamentos do ano 2020?

2ª. Foi a falta de planificación a que levou á Xunta de Galicia a declarar a tramitación urxente deste contrato?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 03/12/2019 17:42:21

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/12/2019 17:42:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á situación de Bolivia.

O Goberno de Evo Morales supuxo para Bolivia un salto cualitativo no desenvolvemento social e económico. A planificación económica do Goberno permitiu que o PIB crecese no país un 327% en 13 anos e que ese crecemento se adicase en grande medida a paliar a grave desigualdade social que existía en 2005. A pobreza extrema descendeu do 38 ao 17% e os orzamentos sanitarios multiplicáronse o que permitiu, entre outras cousas, a construción de 34 hospitais. A mellora global das condicións de vida reflíctese no ascenso da esperanza de vida que pasou dos 64 aos 71 anos.

Conquistas sociais aparte, un dos maiores avances que se produciu no país foi o Estado de paz e democracia e a integración de todas as etnias indíxenas que conviven no país.

Tras os comicios presidenciais do 20 de Outubro, gañados polo partido que representa Evo Morales, o candidato opositor xunto con voces da OEA e dos EEUU comezaron a alimentar o rumor dunha fraude electoral nunca demostrada e que serviu de base táctica para unha operación de Golpe de Estado no país.

Golpe que se consumou en torno ao 10 de Novembro, momento a partires do cal o ilexítimo goberno golpista comezou a aplicar unha dura represión de corte fascista, con queima de vivendas, conflitos na rúa, agresións e asasinatos de civís por parte das forzas armadas e grupos paramilitares.

Desde o noso grupo observamos con preocupación a pasividade dunha parte



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

relevante da Comunidade Internacional perante a quebra da democracia en Bolivia e a aplicación da violencia extrema contra a poboación, sobre todo contra o movemento indíxena e campesiño.

Ante esta situación, presentamos as seguintes preguntas:

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia de esta situación de violencia na que vive Bolivia a raíz do golpe de Estado?
- 2.- Teñen valorado esta situación e o impacto no noso país co Ministerio de Exteriores?
- 3.- Que impacto valoran que pode ter nos programas de cooperación esta situación?

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 03/12/2019 18:50:07





GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Óscar Vilar Chento e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O luns, 6 de febreiro de 2017 publicábanse non DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes, 2 de maio de 2017 comezaba a “campana de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora)”, a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores, 24 de maio de 2017, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados na provincia da Coruña.

O venres, 20 de outubro de 2017 publicouse no DOG que o concello de Cariño, na provincia da Coruña esta afectado pola couza guatemalteca.

O luns, 26 de marzo de 2018 publicouse no DOG que o concello de Muxía, na provincia da Coruña esta afectado pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora).

O sábado, 30 de novembro de 2019, coñecemos pola prensa que as parroquias de Lendo e Caión, no concello da Laracha, e Noicela, no concello de Carballo, na provincia da Coruña esta afectadas pola couza guatemalteca (Tecia Solanivora). Os concellos da Laracha e Carballo forman parte da área de Bergantiños, protexida pola Indicación Xeográfica Protexida Pataca de Galicia.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª. Cal foi o motivo polo que as parroquias de Lendo e Caión, na Laracha, e Noicela, en Carballo, na provincia da Coruña, pasan a ser concellos infestados pola existencia da praga da pataca (Tecia Solanivora)?

2ª. Desde cando é coñecedora a Consellería do Medio Rural de que as parroquias de Lendo e Caión, na Laracha, e Noicela, en Carballo, están infestadas?



3ª. Existe o risco que aparezan máis concellos infestados, en caso afirmativo, cales?

4ª. En que data vai comezar, por parte da Consellería do Medio Rural, a retirada das patacas infestadas pola praga da pataca, nas parroquias de Lendo e Caión, na Laracha, e Noicela, en Carballo?

5ª. Vendo que as medidas adoptadas pola Consellería de Medio Rural non foron eficaces, vai tomar outras medidas, en caso afirmativo, cales?

6ª. Foi tratado este tema na comisión de seguimento da praga da pataca, se for o caso, en que data?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/12/2019 10:22:23

Oscar Vilar Chento na data 04/12/2019 10:22:43

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2019 10:22:54



Á Mesa do Parlamento

Óscar Vilar Chento, José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Xunta de Galicia elaborou “O Plan Director do Camiño de Santiago 2015- 2021” que, segundo expón, suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade.

Un plan con cinco liñas estratéxicas, onde a liña estratéxica 3, punto 1, versa sobre o mantemento viario, sinalización e seguridade viaria no Camiño de Santiago. Incidindo este punto, entre outros, nas operacións de conservación integral dos Camiños de Santiago ao seu paso pola nosa comunidade autónoma.

Unhas operacións de mantemento e conservación que teñen por finalidade manter en todo momento os Camiños Xacobeos nun óptimo estado para o paso dos peregrinos, e, tamén, garantir no tempo, a consolidación das melloras xa realizadas en actuacións anteriores.

Tarefas e atencións que visto o estado do pavimento dalgúns tramos do Camiño Francés que discorre, entre outros, polos concellos de Melide, Arzúa, e O Pino, distan moito de alcanzar e cimentar ese pretendido óptimo estado.

Nos tramos anteriormente mencionados é frecuente atoparse na época de outono, inverno e primavera con multitude de fochancas, treitos cheos de lama, dando lugar todo isto a unha multitude de incidencias no firme do Camiño Francés.

Fochancas e bulleiros que na gran maioría das veces se producen, non só pola fata de mantemento, que tamén, senón que pola nula falta de gabias que permita a recollida e canalización das augas pluviais. Provocando, isto último, continuos danos no pavimento derivados dos factores externos como a climatoloxía.



Polo tanto, todo apunta a que estamos, unha vez máis, ante unha falta de programación dos labores, xunto a unha falta de vixilancia e control por parte da Xunta de Galicia. Xa que as incidencias descritas confirman que o fin que se pretende -óptimo estado- non se consegue consolidar e manter no tempo.

Esta falta de planificación, seguimento e control, por parte da Administración autonómica, non só provoca molestias, inseguridade e mala imaxe aos peregrinos, senón que tamén a moitos/as veciños/as galegos/as que teñen as súas vivendas situadas ao pé do Camiño sofren estas deficiencias día a día.

Por iso os deputados e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece estas incidencias a Xunta de Galicia? En caso afirmativo, cal, ou cales, son os motivos que xustifican a falta de actuación por parte da Xunta de Galicia?

2ª) Cal é a planificación de operacións de conservación ordinaria programada para o ano 2020? En que consisten esas operacións?

3ª) Cal é a programación programada para a conservación ordinaria de abono por medición no Camiño Francés para o ano 2020?

4ª) Que número de incidencias relevantes se atenderon durante o ano 2019? Cales foron esas incidencias?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Oscar Vilar Chento na data 04/12/2019 10:32:25





Jóse Manuel Pérez Seco na data 04/12/2019 10:32:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/12/2019 10:33:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á supresión dun profesor de apoio no CEIP Manuel Masdías de Ferrol.

A comunidade educativa do CEIP Manuel Masdías de Ferrol leva desde o inicio do actual curso escolar mobilizándose para esixir a Consellería de Educación da Xunta de Galiza que cubra a praza de profesor de apoio de educación infantil coa que contaban e que lles foi suprimida este curso académico. O CEIP Manuel Masdías é un centro escolar, o único público existente no barrio de Caranza en Ferrol, que conta con tres unidades de educación infantil e este ano, mesmo, aumentou a súa matrícula no primeiro dos cursos, o de tres anos e ademais conta con alumnas/os con necesidades específicas.

O Colexio conta cun total de 43 nenos e nenas matriculadas na etapa de educación infantil polo que segundo se estipula na Orde do 12 de agosto de 2010, na que se establece o número de unidades e postos de traballo, seguiríanlle correspondendo catro docentes. Cómpre lembrar que non existe ningunha lei nin normativa que fixe un número mínimo de alumnas por centro ou etapa que avale a supresión dun profesorado nestas condicións polo que a decisión foi tomada de xeito arbitrario pola administración educativa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión desta praza de profesor de apoio esta a causar problemas xa que a falla deste docente obriga a que sexa o propio persoal do centro quen se teña que encargar de suplir estas labores.

A comunidade educativa do centro tense dirixido en reiteradas ocasións à Consellería de Educación para solicitar que se cubra a praza á que por lei teñen dereito. Diante da negativa da Xunta de Galiza de atender as súas demandas e cubrir esta praza iniciaron un calendario de mobilizacións que cremos xusto apoiar.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Que motivou a supresión deste docente do cadro de persoal do Centro?
- Ten previsto a Consellería de Educación cubrir esta praza este curso?
- Ten previsto reunirse coa comunidade educativa?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/12/2019 12:25:50

Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2019 12:44:29

María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2019 12:46:00

Noa Presas Bergantiños na data 04/12/2019 12:46:09

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2019 12:46:17

Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2019 12:46:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas de concienciación e sensibilización social adoptadas pola Xunta de Galiza en materia de benestar animal e non violencia.

Recentemente no Concello de Chantada viviuse un dramático e intolerábel acontecemento cando unha cadela foi tiroteada polo seu dono causándolle a morte. Os feitos tiveron unha enorme repercusión social e mediática polas imaxes gravadas e a brutalidade coa que actuou o propietario.

Estes feitos poñen o foco na necesidade imperiosa non só de punir calquera forma de maltrato animal senón, tamén, traballar nunha maior concienciación e sensibilización social arredor dos dereitos dos animais. Evitar que calquera situación semellante á descrita poda volver acontecer no noso país, moi especialmente entre colectivos, como o da caza, onde se teñen producido en múltiples ocasións, prácticas contrarias aos dereitos e benestar dos animais.

Neste senso, é responsabilidade da Xunta de Galiza colaborar coas asociacións e organizacións en defensa dos dereitos dos animais en materia de divulgación e educación mais tamén ten a obriga de desenvolver as súas propias campañas, como recolle a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en Galiza que prevé no seu Título VI relativo á divulgación, educación e formación en materia de protección animal (artigo 32.1):

A Administración autonómica está obrigada á divulgación dos contidos desta lei. Para tal efecto, promoverá especialmente campañas periódicas de sensibilización e de promoción sobre a tenza responsable, campañas divulgativas sobre a obriga de identificación animal e a adopción de medidas para evitar a reprodución incontrolada e o abandono dos animais domésticos, así como campañas de fomento das adopcións nos centros de recollida autorizados.

Por todo o anterior fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten desenvolvido algunha campaña de sensibilización e de promoción sobre a tenza responsable de animais a Xunta de Galiza?
- Cando e con que público obxectivo?
- Que medidas desta índole ten previsto desenvolver no inmediato e a futuro o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Xosé Luis Rivas Cruz
Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2019 13:09:57

Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2019 13:10:05

María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2019 13:10:12

Noa Presas Bergantiños na data 04/12/2019 13:10:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/12/2019 13:10:29

Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2019 13:10:37



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Máis de 10 anos de Goberno do presidente Feijóo, Galicia perde oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da UE e coa imposición de sancións pola súa deficiente depuración. A Comisión Europea xa ten imposto sancións a España e xa ten anunciado novas denuncias ante o Tribunal de Xustiza da UE porque non existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en varias zonas de Galicia; porque falta un sistema axeitado de tratamento e porque existe risco para a saúde pública.

O curioso é que temos un Plan de saneamento 2000-2015, que no seu inicio xa daba por feito que uns 500.000 galegos se terían que contentar con sistemas de saneamento individuais, é dicir, con fosas sépticas. E tamén temos un Plan hidrolóxico da demarcación Galicia-Costa, que estará vixente ata 2027 se as reiteradas sentenzas do TS que veñen anulando os reais decretos de aprobación do dito plan hidrolóxico non o impiden. Mais o certo é que, con estes resultados ao longo dos anos, non hai datos sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento, non hai datos de balance.

Como moitos outros concellos de Galicia, o de Pontearreas ten importantes deficiencias na rede de saneamento e depuración das augas residuais, pois moitas das súas parroquias non teñen rede de saneamento; unha desas parroquias é a de Ribadetea, que conta con 800 veciñas e veciños. Moitos deles verten a minidepuradoras que non funcionan correctamente e moitos a fosas sépticas, mais moitos ao río Tea.

No mes de setembro de 2018, o Pleno do Concello aprobaba por unanimidade esixirlle ao Goberno galego un proxecto de saneamento integral para a parroquia e o Goberno comprometeuse ao facer. De feito, en setembro de 2019 ese proxecto era licitado, comprometéndose de novo o Goberno a telo en funcionamento no mes de marzo de 2020.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o balance sobre o nivel de cumprimento do Plan de saneamento 2000-2015?
2. Pode garantir o Goberno da Xunta de Galicia que existe garantía do bo tratamento das augas residuais urbanas en todo o territorio de Galicia, que existe un sistema axeitado de tratamento e que non existe risco para a saúde pública?
3. Pensa o Goberno que a parroquia de Ribadetea (no concello de Pontareas) ten importantes deficiencias na rede de saneamento e na depuración das augas residuais?
4. Vai estar en funcionamento o proxecto de saneamento integral para a parroquia de Ribadetea no mes de marzo de 2020?

Pazo do Parlamento, 04 de decembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/12/2019 13:48:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/12/2019 13:48:10

María Luisa Pierres López na data 04/12/2019 13:48:19



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta **escrita**, sobre a recuperación dos dereitos laborais do persoal docente.

Mentres o Goberno galego teima na suposta recuperación económica, o certo é que as e os docentes de Galicia ven lonxe esa recuperación. A crise económica supuxo recortes intensos no ensino público, que afectaron tanto ao alumnado que está padecendo unha mingua na calidade, ás familias, que tiveron que afrontar novos copagos, e ao profesorado, que acumulou anos de recortes e conxelacións salariais que os levaron a perder, en oito anos, entre un 25% e un 26% de poder adquisitivo.

Dunha banda sumaron o recorte salarial do goberno Zapatero, e doutra, o recorte no complemento específico das pagas extraordinarias do goberno da Xunta, aplicado dende 2013. Deste xeito, as ensinantes e os ensinantes de Galicia son os únicos de todo o Estado que tampouco cobraron a parte autonómica nas pagas extraordinarias de 2016. Isto supuxo que os docentes galegos perderan desde o ano 2013 unhas cantidades que oscilan entre os 4.663,28 euros para un mestre sen antigüidade e os 8.446,96 euros para unha persoa catedrática con trinta anos de servizo.

O menoscabo de dereitos tamén se produciu no referido á cobertura das baixas laborais. Así, a Lei 12/2014 de Medidas Fiscais e Administrativas, na súa Disposición adicional cuarta sobre incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral para o persoal cun réxime especial de



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Seguridade Social do mutualismo administrativo, estableceu que:

“(…) percibirán o 50 % das retribucións tanto básicas coma complementarias e a prestación de fillo a cargo, se é o caso, desde o primeiro ao terceiro día da situación de incapacidade temporal, con independencia de que sexa a primeira, segunda ou máis IT dentro do ano natural.

Deste xeito, as retribucións nestes casos redúcense ao quedar calculadas do seguinte modo

- Desde o 1º día ata o 3º aboarase o 50% das retribucións.
- Desde o 4º día ata o 20º aboarase o 75% das retribucións.
- A partir do 21º aboarase o 100% das retribucións

Pero non só falamos de cuestións económicas, as condicións laborais empeoraron en todos os ámbitos. Así, por exemplo, a taxa de interinidade pasou de algo menos do cinco por cento en 2009 ao 13% en 2017. Menos emprego público, peor pagado e de peor calidade.

E, ao mesmo tempo, a orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, fixo que a xornada lectiva do profesorado aumentara das 21 horas semanais a 25, un aumento que dificulta moito que o profesorado poida atender ao resto das súas obrigas profesionais e que, necesariamente, incide nunha peor calidade educativa. A negativa da Consellaría de Educación a abrir unha negociación para a recuperación dos dereitos do profesorado galego á hora de desempeñar o seu traballo, con especial referencia ao demanda de reversión do horario lectivo que o persoal docente galego tiña antes da aplicación das normativas que unilateralmente impuxo a Xunta de Galicia nos anos 2011 e 2012 está levando a



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

todos os sindicatos a mobilizarse.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Vai o Goberno galego atender as demandas do profesorado recuperando as horas lectivas que tiñan antes da aplicación dos recortes?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/12/2019 12:43:35

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2019 12:43:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Paula Quinteiro Araújo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentar Grupo Común da Esquerda ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte PREGUNTA, para a súa resposta escrita, sobre o mantemento dos postos de traballo de Extel na Coruña.

Unha vez máis, a precariedade cébase cos sectores xa de por si máis precarizados, como o de telmarketing en Galicia. O aval do Tribunal Constitucional ao despedimento obxectivo por faltar un número determinado de días ao traballo, aínda que sexa por unha enfermidade e de forma xustificada, está deixando sentir xa os seus efectos no noso país.

A empresa Extel, subcontrata de Movistar e pertencente ao grupo Adecco, **tirou desta posibilidade agora lexitimada pola Xustiza para despedir de vez tres persoas na Coruña a pasada semana.** A decisión, que representantes dos traballadores consideran a primeira dunha vaga progresiva, é vista tamén como unha "estratexia" empregada pola compañía para prescindir de persoal "sen necesidade de ERE e maior conflito".

Segundo denuncia a CGT, Extel ve no aval do Constitucional a porta aberta para "adelgazar o cadro de persoal de maneira máis barata, sen necesidade de facer un ERE e con moito menos conflito". Ademais, culpan a Movistar de ser cómplice dunha estratexia "orquestrada" da que esperan un goteo de despedimentos.

A situación é outro golpe máis na precarización do sector do telemárketing. De feito, o caso desta subcontrata xa ten sido obxecto de denuncias e iniciativas no Parlamento galego. Cómpre recordar como o persoal de Extel xa viu no pasado



verán como a empresa recortou drasticamente os complementos salariais mentres Movistar subía as tarifas logo de aplicar un ERE hai tres anos.

Non é un caso illado, en Ourense, no pasado mes de novembro, Naturgy decidía deslocalizar o servizo de atención telefónica que tiña en Galicia, afectando novamente un sector, o de telemárketing, que conta cuns 8.000 traballadores e traballadoras no país.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que medidas vai tomar o Goberno galego para garantir os postos de traballo de Extel na Coruña?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Paula Quinteiro Araújo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 04/12/2019 14:14:37

Paula Quinteiro Araújo na data 04/12/2019 14:14:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Dona Eva Solla Fernández e Don Xan Xosé Jove González, deputada e deputado do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á participación da Xunta na feira Conxemar e a presenza na mesma de empresas que espolian recursos do Sáhara Occidental.

O 1 de outubro de 2019 tivo inicio en Vigo a celebración da 41ª Feira de Conxemar. A inauguración participaron o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, o presidente da Xunta, o el alcalde de Vigo, e outras autoridades.

A feira, organizada por esta asociación de empresarios, vén recibindo anualmente subvencións por parte das diferentes administracións, incluída a autonómica. En 2019 a organización demandou compromiso da Xunta para a ampliación das instalacións do Instituto Feiral de Vigo.

Nos últimos anos entre todos os expositores están a ter presenza algunhas empresas de orixe marroquina que obteñen os recursos que comercializan, sobor de todo polbo, en caladoiros que teñen sido recoñecidos polo Tribunal de Xustiza Europeo como caladoiros saharauis. Para máis abundamento, empresas con sede en territorios ocupados por Marrocos, como é a vila de Djala.

Resulta contradictorio, que a mesma Xunta, que mantén axudas para a cooperación no Sáhara Occidental, participe dun silencio que axuda a continuar co espolio de recursos dun pobo reprimido pola ocupación desde fai décadas.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 16:58:11
Nº Rexistro: 59748
Data envío: 04/12/2019 16:58:11.651

Desde o noso grupo consideramos que o fomento das actividades económicas como Conxemar non impiden a defensa do cumprimento da sentenzas do TEX e observamos con preocupación o desleixo das administracións nesta situación.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- 1.- Que valoración fai a Xunta de Galicia desta situación?
- 2.- Non consideran necesario falar coa dirección de Conxemar para evitar incluír expositores que espolien recursos naturais do Sáhara Occidental?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Xan Xosé Jove González

Deputada e deputado do GP. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 04/12/2019 16:51:33

Xan Xosé Jove González na data 04/12/2019 16:51:46

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/12/2019 16:58:11
Nº Rexistro: 59748
Data envío: 04/12/2019 16:58:11.651

CSV: BOPGDSPGDKMKA88qb2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao colapso nas urxencias de Montecelo.

Na semana do 2 de decembro viviuse unha situación de caos e de colapso no servizo de urxencias de Montecelo, unha situación que se repite periodicamente sen que se tomen medidas para atallala ou cando menos atenuala. Tal como denunciaron publicamente familiares de pacientes ingresados en urxencias, nestes días as agardas nos corredores superan as 30 horas, coas conseguíntes incomodidades das persoas enfermas e as dificultades para que o persoal médico poida desenvolver o seu traballo non garantías. Segundo o persoal que traballa en urxencias, o martes 3 de decembro sufriuse unha situación límite, xa que se esgotaron as camillas na quenda da mañá e houbo que ocupar as camas da sala de endoscopias. Diante desta caótica situación, o persoal das Urxencias presentou queixas diante da dirección e fixo denuncia pública polo volume de traballo e as condicións de presión no que teñen que realizalo.

Esta grave situación produciuse mentres hai 40 camas pechadas no Hospital Provincial desde o verán. Mais o SERGAS non as abre porque non quere contratar máis persoal, polo que condena a pacientes de moita idade e con patoloxías graves a unha situación de auténtico maltrato ao permanecer





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

amoreadas durante máis de 30 horas nos corredores. Por outra parte, o acontecido pon en evidencia a falta de previsión e planificación da Xerencia do CHOP, xa que había unha previsión de chegada do pico da gripe xustamente nestas datas, polo que tiñan que terse tomado medidas con antelación suficiente.

Consideramos unha burla e unha absoluta falta de respecto que a Xerencia do CHOP diga que non hai “incidencias reseñables” cando hai persoas que están sufrindo unha situación penosa amoreadas durante máis de 30 horas nos corredores de Urgencias de Montecelo.

Para o BNG, a situación de caos e colapso nas urxencias de Montecelo é unha manifestación máis dos recortes e do deterioro do sistema sanitario público, como se pon de manifesto nos últimos meses nas denuncias públicas do persoal de atención primaria, dos PAC e das urxencias hospitalaria. Existe un clamor en toda Galiza, con folgas e manifestacións en defensa da sanidade pública fronte aos recortes do PP.

Para o BNG, o deterioro constante da atención primaria e dos PAC, con recortes de persoal e non cobertura de baixas e vacacións, está a agravar a situación de colapso nas urxencias hospitalarias. Debido ao retraso nas citas en medicina de familia e pediatría, que chegan ata os dez días, moitas persoas acaban acudindo a Urgencias, co conseguente colapso.

Diante desta grave situación fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Considera o goberno galego normal a situación de caos e colapso que se sufriu en Montecelo na semana do 2 de decembro?
2. Comparte a Xunta de Galiza a valoración da xerencia do CHOP de que non houbo incidencias reseñables cando había persoas amoreadas nos corredores e o persoal ten que traballar en condicións de extrema presión?
3. Por que o SERGAS non actúa con previsión diante dunha situación previsible como a que se produciu nestas datas?
4. Por que non se abren as camas pechadas para atallar unha situación como a descrita?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019

Asdo.: Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/12/2019 17:38:56

María Montserrat Prado Cores na data 04/12/2019 17:39:01

Noa Presas Bergantiños na data 04/12/2019 17:39:10

Olalla Rodil Fernández na data 04/12/2019 17:39:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/12/2019 17:39:29

Ana Pontón Mondelo na data 04/12/2019 17:39:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O SET (o Suplemento Europeo ao título), é un documento actualmente imprescindible na vida de calquera estudante de Ensinanzas Artísticas Superiores, dado que abre as portas a que a formación que recibiron en España sexa validada do mesmo xeito que en calquera outro país de Europa.

Desta forma, calquera estudante que tivese acceso a este documento tería máis facilidades á hora de realizar unha beca ERASMUS, realizar as inscricións para calquera Máster ou programa de Bacharelato europeo e, por suposto, para conseguir traballo.

Actualmente, os estudantes están parcheando esta situación recorrendo aos gabinetes de tradución xurada, nos que gastan cifras impensables para conseguir que os documentos que acreditan os seus estudos sexan traducidos de forma oficial e válida en toda a Unión Europea.

O problema principal deste documento é que malia a atoparse dentro da lei, directamente non se está cumprindo, e aínda non foi expedido ningún SET de Ensinanzas Artísticas Superiores dentro de España. Por outra banda, na Universidade, os seus compañeiros teñen dereito a que o seu título sexa expedido sen ningún custo, xunto ao título oficial de graduado, cando rematan a súa titulación.



Segundo dita o artigo 8 do R.D. 197/2015: *Unha vez superados os estudos conducentes aos títulos superiores de ensinanzas artísticas e os títulos de máster en ensinanzas artísticas, a Administración educativa expedirá o Suplemento Europeo ao Título, de acordo co modelo establecido no Anexo IV deste real decreto. [...] O Suplemento Europeo ao Título se expedirá na lingua cooficial, no seu caso, e ademais en lingua inglesa. A expedición do devandito documento terá carácter gratuíto.*

No R.D. 197/2015 modifícase o anterior R.D. 1614/2009 e R.D. 1850/2009, engadindo o Artigo 8 no cal fálase da expedición do Suplemento Europeo ao Título realizada por parte das Administracións educativas.

Este cambio xurdiu tras unha premisa que o Consello Superior de Ensinos Artísticos suxeriu alá no ano 2010, e así, logo de 5 anos, o Ministerio de Educación Cultura e Deporte decidiu emitir este R.D. 197/2015 no que non só se ofrecía a posibilidade se non que se establecía a obriga de expedir este título.

A diferenza das titulacións universitarias de grao, nas cales as encargadas de expedir os títulos son as universidades, nas Ensinanzas Artísticas Superiores esta tarefa é competencia autonómica. Isto vén derivado da autoxestión da universidades das que nós carecemos, todos os nosos centros están baixo a batuta das Administracións educativas, é dicir, as institucións das Comunidades Autónomas.

Ao principio, pensamos que parte da non expedición desta parte tan importante do título viría por un erro de coordinación, ou simplemente, que non se decidiu incluír na lei autonómica, creando así unha lagoa legal na que todas as Adminis-



tracións estarían inmersas para non ser vistos cando se mencionase a palabra SET.

Con todo, tras investigar nos boletíns oficiais autonómicos, en practicamente todos aparece un número ou orde onde se reflicte este dato, nalgúns ata de forma anterior ao R.D. 197/2015:

BOJA nº 216 de 05/11/2012 (Andalucía)

ORDE ECD/1779/2016 (Aragón)

BOIB Decreto 4/2017 (Illas Baleares)

BOC 2017/036 (Canarias)

DOCM 2012/2230 Decreto 280/2011 (Castela-A Mancha)

BOCYL 2006/2017 ORDE EDU/466/2017 (Castela e León)

CVE-DOGC-B-14161145-2014 DECRETO 85/2014 (Catalunya)

DOG Núm. 235 DECRETO 171/2016 (Galicia)

BOLETÍN Nº 91 - 15 de maio de 2013 (Navarra)

DOCV N. 7805/2016 ORDE 23/2016 (Comunidade Valenciana)

A gravidade real deste problema é o evidente incumprimento da lei. Ademais, trala emisión do R.D. 197/2015, o Ministerio de Educación Cultura e Deporte redactou dúas guías diferenciadas para os títulos de Grao e Máster nas que se reflectían detalladamente as instrucións que deben seguir as Administracións Educativas para a expedición dos títulos, incluíndo ademais, de forma específica, o caso das Ensinanzas Artísticas Superiores.

Nestas dúas guías facilitaba ás administracións e universidades dúas formas de expedición e solicitude do título, de forma electrónica (creando o chamado e-SET) e en papel.



O único que debían facer era darse de alta nunha das plataformas indicadas nas guías e ofrecer ao alumnado a posibilidade de solicitude. Curiosamente, dentro destas dúas guías, existen exemplos de documento nos que se inclúe de forma específica o título das Ensinanzas Artísticas Superiores, que aínda así, xa existía desde o primeiro R.D. 1850/2009 mencionado anteriormente, no que ata hai exemplos escritos.

Para os estudantes dos ensinos artísticos superiores é de vital importancia a expedición do devandito documento para favorecer e facilitar o dereito das persoas a circular e residir libremente dentro da Unión Europea.

O Ministerio de Educación Cultura e Deporte, xunto coas administracións educativas autonómicas deben traballar conxuntamente en base ás competencias de cada unha para solucionar este problema.

A única acción a realizar para solucionar este problema é o verdadeiro cumprimento da lei xa escrita e informar debidamente ao alumnado. Algo obvio pero que cando existe un descoñecemento da mesma ata por parte da Administración, é doado que a situación pase totalmente desapercibida.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.^a) Van reflectir detalladamente as instrucións que debe seguir a Administración Educativa galega para a expedición dos títulos, incluíndo ademais, de forma específica, o caso das Ensinanzas Artísticas Superiores?
- 2.^a) Pensan facilitar ás administracións e universidades dúas formas de expedición e solicitude do título, de forma electrónica (creando o chamado e-SET) e en papel?



- 3.^a) Daranse de alta nunha plataforma e ofrecerán ao alumnado a posibilidade de solicitude?
- 4.^a) Expedirán obrigatoriamente o Suplemento Europeo ao Título?
- 5.^a) Expedirán o SET en Galego e, no seu caso, en Inglés?
- 6.^a) Expedirán o SET con carácter gratuíto?

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/12/2019 18:41:34

Luca Chao Pérez na data 04/12/2019 18:41:45



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Óscar Vilar Chento, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A CRTVG está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social, o que ten motivado numerosas protestas dos e das profesionais das canles públicas galegas, de colectivos sociais, e dos propios grupos da oposición. Son moitos os exemplos das mobilizacións durante este último ano e medio, todas elas cun amplo seguimento, levadas a cabo polos traballadores e traballadoras da CRTVG: os venres negros (que aínda seguen), unha gran manifestación o 8 de setembro de 2018 en Santiago de Compostela, paros parciais durante o mes de novembro, e unha folga os días 19 e 22 de decembro de 2018.

Dende o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia levamos tempo denunciando a manipulación informativa dos telexornais, cuxa punta do iceberg son as informacións a respecto da política sanitaria do goberno de Feijoo, que por regra xeral teñen carácter partidista e non representan a pluralidade política e social do noso país.

O anuncio por parte do Goberno de Feijoo de pechar o paritorio de Verín motivou numerosas protestas da veciñanza, e dos profesionais da sanidade pública. O pasado sábado 30 de novembro celebrouse unha manifestación histórica en defensa da sanidade pública ourensá, e en concreto desta comarca.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Considera a CRTVG que á actualidade informativa das políticas sanitarias de Galicia se cubre con obxectividade, e mantendo o principio de pluralismo ideolóxico e social que deben rexer nun medio de comunicación público?
2. Cre que os medios de comunicación públicos cubriron con obxectividade e pluralismo a nova do peche do paritorio de Verín?
3. Como valora a cobertura informativa da manifestación celebrada o pasado 30 de novembro en Verín?



4. Cre que na cobertura deste tema, os e as profesionais e a veciñanza que se mobilizou tiveron a mesma presenza na CRTVG que a versión oficial da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 05 de decembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Óscar Vilar Chento
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/12/2019 10:35:11

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 05/12/2019 10:35:25

Julio Torrado Quintela na data 05/12/2019 10:35:45

Oscar Vilar Chento na data 05/12/2019 10:35:56



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, Carmen Santos Queiruga e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O uso da linguaxe inclusiva, non sexista, é unha necesidade cara a erradicación da violencia simbólica que se exerce contra as mulleres cando non se nomean, ou cando se usa unha linguaxe excluínente.

A linguaxe sexista e a aparición de estereotipos á hora de falar de mulleres e de temas relacionados con estas, moitas veces de forma involuntaria, pola falta de coñecementos e o arraigamento de prexuízos, debe ser vista como violencia simbólica contra as mulleres. Só un esforzo colectivo de todos e todas pode mudar a situación actual.

Debemos dar máis pasos no referente á linguaxe nos textos oficiais e nos textos lexislativos. As institucións deben comunicarse coa cidadanía facéndolle ver que todas forman parte, non só todos. Toda comunicación pública debe incorporar o feminino e o neutro, e non o masculino usado como tal, porque non o é.

Desde logo incorporar melloras na comunicación inclusiva debe ter unha incidencia moi especial nos medios de comunicación e na relación da administración con eles, polo que é especialmente importante regular isto e facer seguimento real nos medios de comunicación, especialmente na CRTVG.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Comunicarse de forma inclusiva abrangue ademais usar iconografía axeitada, medir a presenza equilibrada en toda comunicación pública como institución.

A vontade demóstrase con feitos, corrixir os textos legais, producir comunicación pública inclusiva, falar de xeito inclusivo etc, pero sobre todo facer seguimento e marcar obxectivos reais.

Por todo o anterior exposto, preséntanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Que prazos se marca o Goberno para facer a modificación dos textos oficiais? Está planificada esta medida?
- 2.- Que medidas vai adoptar para avaliar e facer un seguimento da utilización de linguaxe non sexista?
- 3.- Pensan implantar regulamentos con seguimento do seu cumprimento en materia de linguaxe inclusiva?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Carmen Santos Queiruga

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 13:08:52
Nº Rexistro: 59813
Data envío: 05/12/2019 13:08:52.451

Paula Quinteiro Araújo na data 05/12/2019 12:50:55

Carmen Santos Queiruga na data 05/12/2019 12:52:05

Marcos Cal Ogando na data 05/12/2019 12:52:20

CSV: BOPGDSPGDKMKA88qb2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia contempla no seu artigo 30 a obriga de depósito das fianzas no Instituto Galego da Vivenda e Solo para as persoas arrendadoras ou subarrendadoras de fincas urbanas, xa se trate de arrendamentos de vivenda ou de arrendamentos para uso distinto do de vivenda.

O rexistro destas fianzas son as que se empregan para elaborar as táboas estatísticas que desde fai meses se poden observar na web do Observatorio Galego de Vivenda. Unhas táboas que amosan o aumento do prezo medio de aluguer nun 15 % en cinco anos, así como se está a producir un aumento do número de alugueres a partir dos 400 € e un descenso daqueles por debaixo desa cifra.

A Lei 8/2012 de vivenda de Galicia contempla sancións de carácter leve, entre 300 e 3 000 € para todos aqueles casos nos que non se deposite as fianzas oportunas con cada contrato de arrendamento.

En todo caso a lei contempla moitas outras sancións, leves, graves e moi graves, con sancións de ata 600.000€ que afectan a diversos incumprimentos das obrigas que figuran na mesma.

En todo caso para coñecer o verdadeiro éxito dunha lei é importante dar a maior transparencia á evolución e comportamento de cada un dos puntos reflectidos nela. E non existe información nesta lei unha análise anual de todas as estatísticas que a deberan acompañar. Nunha materia de tanta sensibilidade como é a vivenda, e a dificultade ó acceso á mesma que se ten recrudecido nos últimos anos, creemos que non só é oportuno, senón imprescindible contar con todos os datos que permitan un mellor estudio e reformulación de medidas de impulso e control.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Dentro do labor inspector que por competencias corresponde ó Instituto Galego de Vivenda e Solo cal foi o tipo de sancións que se impuxeron desde a entrada en vigor da lei?
2. Cales son as canles principais polas que se teñen detectado as diferentes infraccións que contempla a lei?
3. Cal foi o total de cartos recadados e desagregados por anos en materia de sancións desde a entrada en vigor da lei? Cal foi o destino principal deses cartos recadados?
4. Como cualifican o tipo de colaboración das diferentes administracións na detección das diferentes infraccións?
5. Cree o Goberno que é posible mellorar a colaboración interinstitucional neste sentido, así como algún tipo de canle de colaboración cidadá para detectar posibles situacións infractoras?

Pazo do Parlamento, 05 de decembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 05/12/2019 14:18:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/12/2019 14:18:54

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/12/2019 14:19:05



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A situación dos COF da Coruña é preocupante. O COF Ventorrillo atópase sen profesional de xinecoloxía desde que se xubilou o anterior en xaneiro do 2013 e tamén sen auxiliar de clínica desde a mesma data. Isto tradúcese en que cando unha muller á que lle corresponde ir ao outro centro necesita unha consulta xinecolóxica para instauración de método anticonceptivo, por complicacións ou efectos secundarios do método, para realizar un aborto farmacolóxico ou para unha revisión despois dunha interrupción voluntaria do embarazo, do COF do Ventorrillo derívana ao de Orillamar.

Por outra banda no COF de Orillamar desde que se xubilou o xinecólogo, e director do centro, en marzo deste ano, non se cubriu a praza. Designouse a cinco xinecólogas diferentes para ir días soltos. En realidade foron 18 días os meses de abril, maio e xuño. Desde xullo só mandan a unha desas cinco profesionais cando a xinecóloga do centro non está por vacacións ou días de asuntos propios. Isto tradúcese en que non se poden cumprir os obxectivos do centro en canto a anticoncepción:

- Instauración rápida do método. Algunhas mulleres teñen que esperar ata tres meses para que a xinecóloga lle poida instaurar o método que elixiu. Antes a muller non tiña tempo de espera .



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

-Atención rápida das complicacións do método. Neste caso o tempo de espera é de mes e medio aproximadamente. Antes o tempo de espera, como moito, era dunha semana.

Estes tempos van ir en aumento mentres non se cubra a praza. Lembrar que a xinecóloga ten que atender ás mulleres de case 40 concellos.

O ano que vén xubírase a xinecóloga e directora do COF e se non designan a unha xinecóloga que exerza a dirección do centro, como fixeron no Ventorrillo, non se sabe que pasará, xa que a xinecóloga/directora realiza as seguintes funcións ademais da atencións ás usuarias:

- A actualización en materia de Planeamento Familiar
- Garantir o seguimento dos protocolos internacionais en materia de anticoncepción por parte de todas as profesionais dos dous centros.
- O asesoramento d@s profesionais de todos os centros de atención primaria en canto ao planeamento familiar.

En relación as matronas, polo momento, dende o día 2 de novembro hai dúas interinas.

Por todo o anterior exposto preséntanse as seguintes preguntas:

- Teñen previsto seguir desmantelando os COF como veñen facendo na Coruña?
- Teñen previsto cubrir algunha das 2 prazas de xinecoloxía nos COF do Ventorrillo e Orillamar?
- Que teñen previsto facer cando se xubile, o ano que ven, a única xinecóloga titular dos COF da Coruña?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

-Pensan estabilizar os postos das matronal do COF de Orillamar?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 05/12/2019 16:40:19



Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Encarnación Liñeiro Pouso, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

En decembro de 2008 inaugurábase unha obra moi demandada polos profesionais do sector pesqueiro de Burela e a propia confraría de pescadores como foi a nave de redes no porto de Burela. Nave de redes que garantiu un lugar seguro e con mellores condicións para as traballadoras, ademais de servir, entre outros usos, como sede permanente da Feira monográfica náutico-pesqueira Expomar.

Desde hai uns anos o sector pesqueiro e a confraría de pescadores están a demandar obras de mellora nesta nave de redes de Burela, xa que entre outros problemas a instalación presenta humidades, ten goteiras cando chove, baños que en moitas ocasións están inutilizables ...

Nos orzamentos de Portos de Galicia para 2019 consignábase unha partida orzamentaria de 200.000 € para estas obras de acondicionamento e o propio delegado Territorial da Xunta de Galicia en Lugo anunciaba a principios de marzo deste ano que xa estaba rematado o proxecto técnico para a remodelación da nave de redes de Burela, que nese momento se atopaba en supervisión, e que a obra se licitaría ao longo deste ano. Pero o que ocorre, é que en decembro de 2019 esta obra segue sen estar licitada e de novo aparecen no Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para 2020 unha partida de 237.826 € para acondicionamento da nave de reparación de redes no peirao norte do Porto de Burela.

Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Que prazos manexa a Xunta de Galicia para realizar a obra de acondicionamento e reparación da nave de redes no peirao norte do Porto de Burela?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 05/12/2019 17:32:17

Encarnación Liñeiro Pouso na data 05/12/2019 17:32:31



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando, deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

No municipio de Vilagarcía de Arousa, ante a nova da operación orquestrada para o venres 14 de xuño, consistente no paso dun tren de 400 metros, pola extensión da vía do ferrocarril ao peirao de Ferrazo, a través do ramal e do vial que separa a explanada TIR do auditorio e o parque Miguel Hernández, ata rebasar O Cavadelo, para rematar o traxecto no seu obxectivo, o recinto portuario, a xente estivo totalmente desinformada sobre todo o relativo a esa operación.

Ante as incógnitas abertas e a pouca información ofrecida pola Autoridade Portuaria, só se coñecía o seu traxecto, polo que sabiamos que o tren percorrería unha das arterias principais de Vilagarcía, bloqueando a céntrica rúa Valle Inclán e afectando á normalidade da circulación dunha vila que xa normalmente presenta problemas de conxestión do tráfico e, ademais, que o faría a unha hora crítica e na véspera do fin de semana, polo que a elección do momento non parecía froito dunha planificación pensada para a comodidade das veciñas e veciños de Vilagarcía.

Esta situación agravábase polo descoñecemento, sobre se esta era una operación de carácter puntual, se existía intención de ser mantida no tempo ou cunha periodicidade determinada e con que obxectivos, en calquera dos casos.



Transcorridos case 6 meses, o tren segue pasando periodicamente e a situación é, se cabe, máis caótica. A veciñanza continúa sen ter a información concreta do paso do ten, e as últimas semanas o paso de mesmo non se produciu nin nas datas nin nas horas estimadas, cuestión da que tampouco se informou á veciñanza, quen está a padecer as consecuencias de tamaño despropósito.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- Por que non se está informando dos detalles destas operacións?
- Vai a Xunta de Galicia informar á cidadanía de Vilagarcía sobre esta cuestión?
- É coñecedora a Xunta de Galicia dos incumprimentos do paso do tren respecto aos detalles informados pola Autoridade Portuaria?
- Formularase un plan estable e que busque reducir o trastorno que supón para a veciñanza o paso do tren polo centro da cidade e dunha estrada de abundante tráfico como é Rosalía de Castro?
- Vaise informar en tempo e forma á veciñanza do mesmo e das posibles variacións?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 05/12/2019 17:45:57



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2019 17:47:50
Nº Rexistro: 59837
Data envío: 05/12/2019 17:47:50.360

CSV: BOPGDSPGDKMKA88qb2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

